




**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colexio de Educación Infantil e Primaria  
"Ponte dos Brozos"

Avda. Arsenio Iglesias, 34 (Sabón)  
15142 Arteixo (A Coruña)  
☎ 981 60 02 49 ☒ 981 60 02 49  
ceip.ponte.brozos@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceippontebrozos/>



## **ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR**

### **CONVOCATORIA**

De acordo coa Resolución do 26 de setembro de 2016 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa (DOG do 04-10-2016), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **tres pais/nais**<sup>1</sup>, dun total de catro que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes de pais/nais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2014.

2.- Son electores/as todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, dende o día 4 ata as 14:00 horas do día 14 de novembro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas dende o día 4 ata as 14:00 horas do día 11 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día 14 de novembro, ás 12:00 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 15 ao 26 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 27 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores/as da votación os pais/nais ou titores/as legais dos alumnos/as matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.

7.- As votacións realizaranse no Pavillón Administrativo deste Colexio o **día 28 de novembro, de 16:45 a 19:30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16:40 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **de dous nomes**<sup>2</sup> dos candidatos/as presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, e se é o caso, o titor/a legal dos alumnos/as.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Arteixo, 3 de novembro de 2016  
O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: Javier Díaz López

(1) Segundo proceda en cada caso.

(2) Segundo a situación particular de cada centro. Ver o artigo 42 do Decreto 92/1988. Páx. 10.